## Que nervios!

Nacho convidou a Carmiña e a Roi a xantar. Pon a mesa cos cubertos e a mellor vaixela. Ao acabar, colle no caixón os panos de mesa de cor vermella e repárteos. Xa está! A mesa quedou moi bonita!



Todo está a punto. Na cociña, o guisado fai chup-chup... Que recendo máis rico!
Nacho mira o reloxo, nervioso. En media hora van chegar os convidados...

**1** Que persoas van xantar xuntas? Fíxate e escribe os nomes.



É ______________.



É ______________.



É ______________.

2 Que é poñer a mesa? Subliña.

Colocar o necesario para comer: vaixela, cubertos...

Suxeitala ben forte para que non se mova.

3 Que é a vaixela? Marca.



Os recipientes en que se cociña a comida.



Os recipientes en que se serve a comida.

4 Que fai Nacho? Ordena.







5 Por que Nacho puxo a mesa tan ben? Pinta.

Porque ten convidados.

Porque ten fame.

# Á praia!



Despois dunha noite de chuvia,
o sol brilla de novo no ceo.
Branca asómase ao balcón.
Parécelle un día precioso para dar
un agradable paseo pola praia.
Por iso corre a espertar a seus pais.

De présa, erguédevos! Se non, cando
cheguemos á praia, vai estar repleta
de xente!

Pero cando chegan ao paseo, abrigados
coma esquimós, contemplan a praia deserta.
É posible que eles sexan os máis valentes do lugar!

1 Que tempo vai cando Branca mira polo balcón? Marca.

☐ 

☐ 

**2** Que quere Branca? Escolle e copia.



Branca quere nadar no mar.

Branca quere pasear pola praia.

**3** Le e responde.

De présa, erguédevos!

- Quen o di?
- A quen llelo di?

**4** Arrodea a imaxe correcta.

Os tres van abrigados coma esquimós.





**5** Risca a escena que representa algo que non ocorreu.





# Outro día de chuvia



Sara mira pola fiestra e quéixase:

–Que rabia! Hoxe tamén chove a caldeiros...

–A este paso –murmura o seu irmán Miguel sen saír da cama–, ímonos converter en peixes...

Sara pestanexa. É certo que leva moitos días chovendo, pero, por máis que o intenta, non se imaxina convertida en peixe.

–En peixes, non! –protesta–. Mellor en sereas, que son moito máis bonitas!

Miguel ri e cobre a cabeza coas sabas.

–Espértame cando che empecen a saír as escamas!

1 En que escena chove a caldeiros? Marca.





2 Completa o resumo da lectura.

 Sara mira pola  ______.

Que rabia! Chove outra vez!

O seu irmán  ______ di que,

ao final, se van converter en  ______.

Pero  ______ preferiría que se

convertesen en  ______.

3 Que animal ten escamas coma as sereas? Píntao.



## REPASO

**1** Completa coa sílaba adecuada segundo a cor e copia.

| ca | que | qui | co | cu |
|---|---|---|---|---|



___ ller ▶ ______

ra ___ eta ▶ ______





___ ramelos ▶ ______

es ___ mó ▶ ______





án ___ ra ▶ ______

**2** Repasa e completa os nomes.









c ___ l | qu ___ nll ___ | v ___ c ___ | e ___ qu ___

1 Arrodea os nomes dos elementos debuxados.

    

| | | | |
|---|---|---|---|
| goma | iogur | gota | aguia |
| xoguetes | gorro | gato | guitarra |

2 Clasifica as palabras que arrodeaches.

ga ▶ ______ go ▶ ______ gu ▶ ______

gue ▶ ______ gui ▶ ______

3 Copia substituíndo cada símbolo pola sílaba axeitada e le.

| ✿ ▶ ga | ★ ▶ gue | ◆ ▶ gui | ♣ ▶ go | ♥ ▶ Gú |
|---|---|---|---|---|

♥stalle ao ✿lo o tri♣ do tri✿l.

______

E o tri★iro en♣le tri◆ño se◆do.

______

1 *Risca a sílaba que sobra e escribe a palabra resultante.*



PRIN | PA | SA | CE



GÓN | DRA | TRE



SOU | TE | BI | RO



NA | RA



BER | TRE | CE



BOS | GLO | A

2 *Relaciona e escribe os grupos que formes.*

| | | |
|---|---|---|
| os | anano | ▶ |
| as | zapatos | ▶ |
| o | pera | ▶ |
| a | eirugas | ▶ |









**3** Escolle e completa.

| c |
|---|
| qu |






☐opa  ra☐eta  ☐iosco  ☐ullerón

| g |
|---|
| gu |






☐orra  a☐ulla  man☐eira  ☐inda

**4** Copia o texto coas maiúsculas que cumpra.



a familia de cibrán saíu
ao parque a merendar.
mentres o pai e a nai
comen un anaco de biscoito,
sara e cibrán fan voar os papaventos.